

Marco de avaliación dos obxectivos de Lingua Galega e literatura. 4.º EP e 2.º ESO.

Presentación

A presenza de materias referidas ó manexo dunha lingua no currículo é una prioridade de calquera sistema educativo, atendendo á convivencia con outras linguas, xa sexan cooficiais, xa estranxeiras, posto que o seu dominio se considera fundamental para o desenvolvemento persoal, social e intelectual da persoa, así como para a súa relación coa contorna profesional e académica.

O deseño do actual currículo asenta no carácter competencial do proceso de aprendizaxe, respondendo ó que a LOMLOE dispón xa desde o seu preámbulo, no que sinala que “garantir unha formación adecuada pasa necesariamente por proporcionar unha formación integral, que se centre no desenvolvemento das competencias”.

Deste xeito, pódense considerar as competencias como o eixe vertebrador de todos os elementos do currículo. Cada unha das oito competencias clave que organizan o currículo das ensinanzas obrigatorias vai asociada a uns descritores operativos, que definirán o grao da adquisición das competencias que o alumnado debería ter adquirido ó termo da educación primaria e da educación secundaria obrigatoria (perfil de saída).

Os descritores operativos serán o marco de referencia a partir do cal se concreten os obxectivos de cada área, ámbito ou materia. Á súa vez, estes obxectivos, definidos como os desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas ós contidos de cada área ou ámbito, vincúlanse cos criterios de avaliación de xeito que, a través destes, pode colixirse o grao de adquisición das CC. Como se dixo, a abordaxe dos obxectivos precisa tamén dos contidos de cada área ou materia.

TODA A ETAPA	CADA ÁREA OU MATERIA DA ETAPA	CADA CURSO (EN CADA ÁREA OU MATERIA)
CC → Descritores operativos	Obxectivos	Criterios de avaliación Contidos

A función dos obxectivos de cada área ou materia é poñer en conexión os descritores operativos das competencias clave cos contidos e os criterios de avaliación, de maneira que o carácter competencial da aprendizaxe quede garantido. O *Perfil de Saída da Educación Básica* e os descritores operativos axudan a concretar os coñecementos, as destrezas e as actitudes que o alumnado deberá adquirir e desenvolver ó remate do ensino básico.

Nas probas de Avaliación xeral de diagnóstico mídese o desempeño do alumnado na materia de lingua e literatura nos niveis de 4.º de Educación Primaria e 2.º de Educación

Secundaria Obrigatoria, cuxa referencia competencial inmediata (e concretada no ciclo ou curso nos criterios de avaliación) son os obxectivos de etapa vinculados ós descritores operativos de cada competencia clave.

Na súa redacción, os obxectivos ábrense cun verbo en infinitivo (a acción que debe realizar o alumnado para resolver unha tarefa), como o debe facer e a finalidade do que se fai, é dicir, «que», «como» e «para que» se leva a cabo o desempeño competencial, de maneira que se poida vincular cos criterios de avaliación e que demande a presenza dos contidos.

Esta natureza proteica e competencial dos obxectivos fainos especialmente axeitados como referentes para a elaboración dos enunciados que deberán constituír as probas de avaliación diagnóstica, e que permitirán verificar se o alumnado é capaz de acadar o nivel de desempeño competencial desexado.

Non obstante, e dado que estas avaliacións recollen un instante do curso escolar, nun momento determinado e nunhas condicións concretas, non é posible avaliar todos os aspectos que conforman cada un dos obxectivos. Así, non é posible, por exemplo, avaliar nas probas diagnósticas se o alumnado é capaz de ler de maneira autónoma, ou se desenvolve o gusto pola lectura, cuestións que só a avaliación diacrónica pode valorar. Neste sentido, este marco, cuxo referente inmediato é o Marco Xeral de Avaliación do sistema, para 6.º de EP e 4.º de ESO, concíbese como un instrumento informativo e complementario á acción do profesorado.

Obxectivos para 4.º EP e 2.º ESO

Segundo se indica no Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria e no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os obxectivos que o alumnado debe ter adquirido ó termo da etapa de Educación Primaria son os seguintes:

Obxectivo 1: Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuizos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.

Obxectivo 2: Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.

Obxectivo 3: Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír

coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.

Obxectivo 4: Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.

Obxectivo 5: Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.

Obxectivo 6: Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.

Obxectivo 7: Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.

Obxectivo 8: Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.

Obxectivo 9: Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.

Obxectivo 10: Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.

Estes obxectivos, como se indicou, aparecen descritos nos mencionados Real decreto e decreto vinculados cos descritores operativos das competencias clave, teñen o seu desenvolvemento e continuación na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria.

Segundo o Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria e o Decreto

156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, os obxectivos de secundaria son os seguintes:

Obxectivo 1: Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.

Obxectivo 2: Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.

Obxectivo 3: Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitudes cooperativas e respectuosas, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.

Obxectivo 4: Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.

Obxectivo 5: Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.

Obxectivo 6: Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.

Obxectivo 7: Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.

Obxectivo 8: Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.

Obxectivo 9: Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.

Obxectivo 10: Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.

Un elemento clave: a avaliación das actitudes

O coñecemento competencial integra un coñecemento de base conceptual (conceptos, teorías, datos, feitos...), un coñecemento relativo ás destrezas, e un terceiro compoñente referido ás actitudes e valores. Engloba, pois, “saber dicir, saber facer e saber ser”.

Un dos elementos do currículo de problemática avaliación nas probas de diagnóstico é, precisamente, a actitude, presente nos elementos curriculares (especialmente nos obxectivos e nos descritores operativos dos perfís competenciais), tanto a asociada ó ámbito persoal do alumnado, e que ten que ver con cuestións como o desenvolvemento da autoestima e a autoconfianza, como a relacionada co ámbito social, que se vincula coas convencións culturais, os valores socialmente aceptados, a capacidade de ler, escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico e a capacidade de expresar adecuadamente, segundo o contexto, as propias ideas e emocións, ademais de realizar críticas con espírito construtivo.

A diferenza do que ocorre cos contidos conceptuais ou coas destrezas, as actitudes non son facilmente obxectivables. En consecuencia, non se poden integrar no marco de avaliación do mesmo xeito. A súa avaliación pode realizarse de forma cotiá na aula, pero non é posible facelo nunha proba diagnóstica externa como a que se aborda neste marco, realizada nunha única xeira, e cuxo instrumento fundamental de aplicación é unha serie de ítems asociados a determinados estímulos. Por isto, as actitudes só se avaliarán na medida en que estas se poidan asociar a unha tarefa nos indicadores que se desenvolven en cada nivel dos procesos cognitivos, e referiranse a un elemento dos obxectivos das etapas de primaria e secundaria no que o proceso cognitivo “valorar” interactúe con outros procesos de tipo procedemental (por exemplo, nalgunhas das propiedades textuais da expresión oral, como as distintas manifestacións do principio de cortesía). Ó tratarse dunha proba obxectiva, preténdese detectar que o alumnado

descubra, localice e avalíe elementos discriminatórios, de abuso, ou de compoñente ético. Neste sentido, e non no de avaliar o «comportamento», ou «disposición cara a unha tarefa» do alumnado, enténdese na competencia en comunicación lingüística o termo «actitude».

Dimensións da competencia

Situacións de comunicación: a competencia no seu contexto

Os elementos do currículo aluden repetidas veces ó carácter situacional da comunicación humana e, en consecuencia, ó seu determinante compoñente contextualizador. De todos os tipos de contexto ou situacións¹, enténdese neste marco que, en relación con primaria e secundaria, existen dúas situacións fundamentais nas que o alumnado se comunica durante a Ensinanza Obrigatoria, xa sexa de xeito oral ou escrito: a **situación informativa**, na que este se achega a un texto ou o emprega para coñecer ou transmitir de maneira obxectiva datos, cifras, conceptos ou ideas de calquera tema ou ámbito; e a **situación literaria**, aquela en que o fai, de maneira subxectiva, para gozar dunha mensaxe real, ficticia e/ou estética sobre calquera tema ou ámbito.

En torno a estas dúas situacións, agrúpanse tanto os textos producidos polo alumnado durante a proba de avaliación, como os que se lle van ofrecer nesa proba nos estímulos asociados ós ítems. Ambas situacións terán un peso determinado nas matrices de especificación, polo que xogan un papel principal no deseño das unidades de avaliación. Así mesmo, dentro destas dúas situacións xerais os textos conectarán cos ámbitos máis próximos ó alumnado: persoal, social e escolar.

Destrezas

É habitual que, para medir a competencia lingüística do alumnado, se teñan en conta catro destrezas: comprensión e expresión na súa manifestación oral e escrita. Neste marco, as catro destrezas están presentes en 4.º de Educación Primaria e en 2.º de Educación Secundaria Obrigatoria, **coa graduación da dificultade das probas correspondente a cada nivel**. Nas probas deseñadas para Educación Primaria, por exemplo, os estímulos e os ítems incluírán indicacións que sirvan de guía para o alumnado (instrucións específicas para resolver una tarefa, consellos de redacción, recordatorios de ortografía, aclaracións de termos, exemplos, etc.). Estas indicacións poden darse, de

¹ Neste marco entendemos “texto” como “unidade de sentido, en calquera soporte ou formato, que un emisor produce cunha determinada intención ou finalidade, e que o receptor percibe como una unidade”. Por outra parte, non diferenciamos, como si fai parte da teoría lingüística e pragmática, os termos “situación” de “contexto”, xa que a natureza das probas de avaliación de diagnóstico, limitadas a estímulos que os simulen, non precisa nin fai operativa dita diferenza. Pola mesma razón, non empregamos aquí o concepto de “contexto”.

maneira esporádica, nas probas de secundaria: nas dúas débese buscar a maior **claridade nos estímulos**, tanto visuais, como auditivos.

Anexo I. Táboa 1. Destrezas

Área da comprensión		Área da expresión	
Oral	Escrita	Oral	Escrita

Este esquema, que afecta a toda a competencia en comunicación lingüística, permite identificar as catro destrezas básicas, que acoutan os catro grandes ámbitos de produción e recepción de textos que van ser obxecto de avaliación.

Comprensión oral	Comprensión escrita	Expresión oral	Expresión escrita
------------------	---------------------	----------------	-------------------

Procesos cognitivos: comprensión oral e escrita

Para a comprensión oral e escrita describíronse os **procesos cognitivos** básicos nos que se vai centrar a avaliación, concibidos como as operacións intelectuais que o alumnado activa ante un estímulo dado e que provocan un conxunto de accións encamiñadas a un fin común, que non é outro que resolver unha **arefa contextualizada** ofrecida nunha situación de carácter informativo ou literario. Tales procesos obtivéronse, como se indicou no apartado anterior, a partir do exame dos obxectivos do final do segundo ciclo de primaria e de segundo curso de secundaria. Na seguinte táboa identifícanse ordenados de menor a maior complexidade:

Anexo I. Táboa 2. Procesos cognitivos (áreas da comprensión)

Área da comprensión	
Procesos cognitivos	Accións asociadas ó proceso cognitivo
Localizar e obter información	Localizar Recoñecer Identificar
Realizar inferencias directas	Seleccionar Relacionar Inferir
Integrar e interpretar ideas e informacións	Contrastar Deducir Interpretar
Reflexionar e valorar contidos e informacións	Avaliar Valorar Reflexionar

Co fin de precisar en que accións concretas se poden observar estes procesos cognitivos, na Táboa 3 ofrécese una descrición que pode axudar a comprender que esperamos que o alumnado faga en cada nivel cognitivo ó resolver a tarefa que se lle propón, a través do estímulo e os ítems.

Anexo I. Táboa 3. Descrición dos procesos cognitivos

Proceso cognitivo	Descrición
Localizar e obter información	Neste primeiro nivel cognitivo, trátase de recoñecer conceptos ou definicións explícitas a partir dunha información dada, coa finalidade de obter un ou máis datos concretos. Estes procesos supoñen, entre outras accións, localizar distintas ideas manifestas no texto, relativas ós elementos que forman parte do espazo, tempo, personaxes, accións, ambientes, descricións..., identificar datos dun gráfico, táboa ou mapa que apareza de maneira independente, ou ben combinados cunha mensaxe verbal, ou recoñecer o carácter discriminatorio que aparece de forma expresa nun texto.
Realizar inferencias directas	Neste nivel dos procesos cognitivos, o alumnado é capaz de realizar inferencias directas de informacións sinxelas, comprendendo, seleccionando ou relacionando dúas ou máis ideas, ou fragmentos de información, a partir dos datos contidos no texto de forma explícita. As inferencias neste nivel parten do establecemento de vínculos en distintos ámbitos, como as relacións de causalidade, os motivos do comportamento dun ou varios personaxes, ou as relacións entre estes, así como a conexión entre a literatura e outras manifestacións artísticas. Igualmente, o alumnado pode inferir, nun texto dinámico, que ligazón ou páxina web é a correcta para conseguir un fin determinado. Tamén a selección de textos literarios, en función dos seus temas ou aspectos básicos, se sitúa neste nivel.
Integrar e interpretar ideas e informacións	Para poder integrar e interpretar ideas e informacións, neste nivel débese extraer a información implícita do texto, realizando deducións, xa sexa en relación coa súa finalidade ou coas súas ideas principais ou secundarias. Neste terceiro nivel é posible interpretar palabras, enunciados e textos desde un punto de vista metalingüístico. Así mesmo, nel pódese activar a capacidade de interpretar a linguaxe figurada. Os aspectos verbais e non verbais dos textos e a información e datos relevantes completan este nivel de procesos cognitivos. Contrastar a información procedente de dúas o máis fontes permite ó alumnado iniciarse na adquisición de habilidades e destrezas para acceder á información, xestionala e comunicala desde unha perspectiva crítica e persoal
Reflexionar e valorar contidos e informacións	Este último nivel é o máis complexo. Este proceso cognitivo presupón os niveis anteriores referíndose a accións como as seguintes: reflexionar sobre distintos aspectos da linguaxe e dos textos, sobre cuestións vinculadas coas actitudes (uso discriminatorio e de abuso de poder da linguaxe, perspectiva de xénero, prexuízos lingüísticos, cidadanía global ou interculturalidade). Valorar cuestións relacionadas coa linguaxe figurada, a idoneidade de compoñentes do texto, como o título, ou a capacidade de persuasión dun argumento sitúanse tamén neste proceso cognitivo. Por último, o alumnado que se atope neste nivel poderá avaliar unha situación ou feito, recorrendo ós coñecementos, ideas, experiencias ou actitudes xeradas desde o propio marco de referencia conceptual, coa finalidade de dar unha opinión ou establecer un xuízo.

Para cada un dos procesos redactáronse **indicadores de logro**. Estes son a concreción do proceso cognitivo, vinculado a unha acción contextualizada, que permite a avaliación da competencia. Os indicadores que os concretan **son específicos para 4.º de Educación Primaria e para 2.º de Educación Secundaria Obrigatoria:**

Anexo I. Táboa 4. Procesos cognitivos e indicadores de logro de 4.º de Educación Primaria

Área da comprensión	
Procesos cognitivos	Indicadores de logro
Localizar e obter información	1.1. Localiza información en distintas fontes 1.2. Recoñece fontes de información fiables 1.3. Identifica xéneros literarios 1.4. Recoñece algúns riscos explícitos inherentes á procura de información 1.5. Localiza a idea principal do texto 1.6. Recoñece as ideas clave do texto 1.7. Localiza información concreta do texto 1.8. Recoñece aspectos formais do texto 1.9. Recoñece ideas secundarias
Realizar inferencias directas	2.1. Infere a relación entre os personaxes dun texto 2.2. Selecciona información de distintas fontes 2.3. Selecciona ideas discriminatorias no uso da linguaxe 2.4. Relaciona obras ou fragmentos literarios 2.5. Selecciona fontes de información fiables 2.6. Selecciona ideas secundarias implícitas nun texto 2.7. Selecciona a idea principal do texto 2.8. Infere información do texto
Integrar e interpretar ideas e informacións	3.1. Interpreta textos relacionados coa súa contorna 3.2. Contrasta diferentes textos con connotacións democráticas 3.3. Contrasta información de distintas fontes 3.4. Interpreta obras ou fragmentos literarios 3.5. Deduce a orde das partes dun texto 3.6. Deduce o fin comunicativo dun texto 3.7. Deduce o significado de palabras polo contexto 3.8. Interpreta información de distintas fontes
Reflexionar e valorar contidos e informacións	4.1. Valora unha información a través da linguaxe non verbal 4.2. Valora as diferenzas entre os distintos tipos de linguaxe utilizados 4.3. Valora o interese artístico dun texto 4.4. Reflexiona sobre ideas, sentimentos ou conceptos 4.5. Reflexiona sobre a finalidade dun texto 4.6. Valora fontes de información fiables

Nota. Estes indicadores extraéronse dos seguintes obxectivos ou gardan directa relación con eles: Obxectivo 1: 2.3 e 3.1; Obxectivo 2: 1.5 e 2.1; Obxectivo 3: 4.4; Obxectivo 4: 1.6, 1.7, 1.8, 1.9, 2.6, 2.7, 2.8, 3.5, 3.6 e 3.7; Obxectivo 5: 2.1 e 4.5; Obxectivo 6: 1.1, 1.2, 1.4, 1.6, 2.2, 2.5, 3.3, 3.8 e 4.6; Obxectivo 8: 1.3, 2.4, 3.4 e 4.3; Obxectivo 9: 4.1; Obxectivo 10: 3.2 e 4.2.

Anexo I. Táboa 5. Procesos cognitivos e indicadores de logro de 2.º de Educación Secundaria Obrigatoria

Área da comprensión	
Procesos cognitivos	Indicadores de logro
Localizar e obter información	1.1. Identifica usos discriminatorios da linguaxe 1.2. Localiza información explícita nun texto 1.3. Localiza información a través da linguaxe non verbal 1.4. Identifica os elementos que conforman un texto 1.5. Identifica referencias textuais relacionadas cos principios de propiedade intelectual 1.6. Recoñece connotación e denotación nun enunciado
Realizar inferencias directas	2.1. Selecciona a información máis relevante do texto 2.2. Infire información relevante dun texto 2.3. Relaciona un texto coas características propias do xénero ól que pertence 2.4. Infire as causas do comportamento dos personaxes que aparecen nun texto 2.5. Relaciona fragmentos ou obras literarias con outras manifestacións artísticas 2.6. Relaciona procedementos de substitución lingüística con exemplos tomados dun texto
Integrar e interpretar ideas e informacións	3.1. Contrasta trazos de diversidade lingüística 3.2. Interpreta a intención comunicativa do emisor 3.3. Deduce o tema principal do texto 3.4. Interpreta a estrutura global do texto 3.5. Diferencia as distintas tipoloxías textuais que poidan aparecer nun texto 3.6. Diferencia informacións nesgadas ou falsas de noticias auténticas e contrastadas 3.7. Interpreta o efecto dun recurso expresivo 3.8. 3.7. Interpreta palabras, enunciados ou textos desde un punto de vista lingüístico 3.9. Deduce a que xénero literario pertence o texto
Reflexionar e valorar contidos e informacións	4.1. Reflexiona sobre os procedementos expositivos utilizados nun texto, tales como exemplificación, definición, clasificación, citación, etc. 4.2. Avalía a fiabilidade dun ou varios textos 4.3. Valora a validez dos argumentos en situacións comunicativas concretas 4.4. Valora que fonte é a máis adecuada para resolver una tarefa 4.5. Valora a idoneidade do título ou doutro elemento do texto

Nota. Estes indicadores extraéronse dos seguintes obxectivos ou gardan directa relación con eles: Obxectivo 1: 3.1; Obxectivo 2: 1.2, 2.1, 2.2, 3.2, 3.4 e 4.2; Obxectivo 3: 4.1; Obxectivo 4: 1.4 e 3.3; Obxectivo 5: 2.6 e 3.5; Obxectivo 6: 1.5, 3.6 e 4.4; Obxectivo 7: 3.9 e 4.5; Obxectivo 8: 1.6, 2.3, 2.4, 2.5 e 3.7; Obxectivo 9: 1.3 e 3.8; Obxectivo 10: 1.1 e 4.3.

Propiedades textuais: expresión oral e escrita

Os procesos cognitivos, e os seus indicadores asociados, son válidos para avaliar a consecución dos obxectivos competenciais da área de comprensión (oral e escrita). Porén, neste marco estímase diferente o procedemento que se debe empregar no caso das destrezas de expresión, que non se avaliarán a partir dos procesos cognitivos. Estes, nas destrezas de comprensión, pódense identificar dentro do estímulo, polo menos ata un punto aceptable para a súa avaliación cun adecuado deseño dos ítems asociados. Non obstante, nas **destrezas de expresión** é necesario avaliar o produto final: **o texto**. Isto supón que, para que a avaliación sexa fiable, as preguntas se realizarán, preferiblemente, de forma aberta. O obxectivo será obter unha produción suficiente do alumnado, ó que se lle proporán estímulos guiados que se axusten ós contextos e ás situacións comunicativas significativas para cada nivel, de maneira que estas producións resulten o máis competenciais posible.

Por tanto, e partindo da base de que os procesos cognitivos están implícitos na creación do texto (posto que se presupoñen ante a tarefa de produción), valoraremos unicamente as **propiedades textuais**. Estas xogan un papel fundamental e revélanse na expresión como indicadores válidos que nos permitirá avaliar, de forma eficaz, a competencia do alumnado. En consecuencia, neste marco baseámonos nas tres propiedades xeralmente aceptadas que todo texto ben conformado debe posuír máis a corrección ortográfica e gramatical como propiedade independente para facilitar o proceso de avaliación.

- En primeiro lugar, a **coherencia**, entendida como unidade temática, de organización e de contido dun texto, que se manifesta na relación lóxica que gardan os enunciados co tema e entre eles. Esta propiedade supón que as ideas presentes no texto garden relación e sexan relevantes con respecto ó seu tema. De forma simultánea, a produción debe incluír ideas novas que vaian introducíndose de forma progresiva para ampliar a información requirida. Por último, para que o texto sexa coherente, estas ideas deben presentarse de forma ordenada e clara en canto ó contido.
- En segundo lugar, a **cohesión**, entendida como conexión formal que se dá entre as partes do texto mediante mecanismos léxico-semánticos e morfosintácticos. Supón, por tanto, que os enunciados que conforman o texto estean correctamente enlazados, mediante a utilización de conectores cando sexa necesario. A unidade textual tamén se manifesta a través da utilización de campos semánticos relacionados fundamentalmente co tema do texto e que poñan de manifesto certo dominio léxico. Por último, esta propiedade tamén se manifesta cando na produción se utilizan recursos para evitar repeticións innecesarias. Estes poden ser de natureza semántica, como o uso de sinónimos e hiperónimos, ou ben gramatical, a través da utilización de palabras con identidade referencial, como os pronomes ou adverbios, entre outras.
- A **adecuación** é a terceira propiedade e supón a adaptación do texto ó contexto no que se produce, de forma que sexa apropiado á súa finalidade e á situación

comunicativa. Valórase a adaptación da produción ó contexto no que se inscribe, en relación coas indicacións proporcionadas no estímulo. Para isto, considérase o manexo do rexistro, que se manifesta fundamentalmente no uso de certas expresións e léxico apropiado.

- Por último, a **corrección ortográfica e gramatical** implica a consideración das normas ortográficas e gramaticais, requirindo que o texto as cumpra en función do nivel educativo avaliado.

Estes elementos, non obstante, non terán o mesmo peso en primaria que en secundaria dentro deste marco. O nivel de complexidade dos textos escritos que pode producir o alumnado que finaliza segundo ciclo de primaria non aconsella empregar un número elevado de indicadores orientados a medir as propiedades textuais. En consecuencia, neste marco optouse por deseñar unha única rúbrica que agrupe elementos vinculados á cohesión e á coherencia, dedicar outra á propiedade textual da adecuación (que incluíra referencias á presentación do texto escrito) e, finalmente, destinar unha terceira á avaliación da corrección ortográfica e gramatical.

Finalmente, no presente marco púxose tamén a **interacción** ó servizo da avaliación da **expresión oral**, entendida como propiedade do texto oral que se caracteriza pola reciprocidade na conversa, respectando os principios de cortesía, claridade e cooperación. Entendemos que se trata de aspectos necesarios para unha avaliación máis completa e fiable desta destreza. Por tanto, incluíronse nela os elementos específicos da oralidade, a pesar de que algúns deles poderían vincularse tamén coa adecuación. A interacción así entendida implica que a produción oral sexa fluída, cun ritmo e pausas adecuados, e evitando o uso de retrousos.

A **comunicación non verbal** é outro aspecto básico que acompaña este tipo de producións e que se manifesta en dous aspectos: en primeiro lugar, o manexo da xesticulación e a postura; en segundo lugar, a utilización correcta dos elementos prosódicos e paralingüísticos, fundamentalmente a voz e a entoación. Ademais, tamén se valorará a cooperación co interlocutor, que se manifesta na escoita activa e a precisión nas interaccións. Para rematar, a cortesía lingüística é o último dos factores que se terán en conta para avaliar a interacción. Inclúe o emprego das fórmulas básicas de cortesía, respecto e xestión adecuada das quendas conversacionais.

Para avaliar as destrezas de expresión partiremos, pois, de producións abertas nas que se avaliará a presenza das propiedades textuais anteriormente citadas. Non obstante, para que a avaliación sexa máis obxectiva e precisa, é aconsellable **adaptar o máis posible a rúbrica ós estímulos e tarefas concretas que formen parte de cada proba**, sen perder de vista que as situacións proporcionadas para a expresión poderán contextualizarse para avaliar a creación de textos de intención literaria, a xestión dialogada de conflitos ou a comunicación dunha información, entre outras.

Na Táboa 6 ofrécense, na primeira columna, para 4º de EP, as propiedades textuais da expresión escrita. Nas seguintes columnas aparecen os indicadores de logro que se vinculan ás propiedades (coherencia e cohesión, adecuación e corrección ortográfica e

gramatical) e que permiten a elaboración das rúbricas de cada destreza. Na Táboa 7 ofrécese a mesma información para 2.º ESO.

Anexo I. Táboa 6. Rúbrica de textos escritos da área de expresión 4.º EP

COHERENCIA E COHESIÓN		
INDICADOR	Código 0	Código 1
Unidade temática	Non se pode identificar o tema do texto	O tema do texto está claro
Ordenación das ideas	As ideas están desordenadas e dificultan a comprensión do texto.	As ideas están ordenadas, sendo claras e comprensibles.
Estrutura	A estrutura interna do texto non é axeitada.	A estrutura interna do texto é axeitada.
Marcadores do discurso	No texto non se utilizan organizadores textuais	No texto utilízanse organizadores textuais
Cohesión gramatical e léxica	No texto non se utilizan correctamente os mecanismos elementais de cohesión gramatical e léxica	No texto utilízanse correctamente os mecanismos elementais de cohesión gramatical e léxica
Correlación temporal nas formas verbais	A produción non presenta correlación temporal nas formas verbais	A produción proposta presenta correlación temporal nas formas verbais
Puntuación	Non se utiliza a puntuación básica correcta	Utiliza a puntuación básica correcta

Anexo I. Táboa 6 (cont.). Rúbrica de textos escritos da área de expresión 4.º EP

ADECUACIÓN ²			
INDICADOR	Código 0	Código 1	Código 2
Situación comunicativa	O texto non é adecuado á situación comunicativa solicitada,	O texto presenta carencias significativas no relativo á situación comunicativa	O texto si é adecuado á situación comunicativa solicitada
Tipoloxía textual	A tipoloxía textual escollida non é a adecuada para a situación comunicativa	Aprécianse trazos correspondentes á tipoloxía textual que sería adecuada para a situación comunicativa, pero non a respecta completamente ó longo de todo o texto.	A tipoloxía textual escollida é a adecuada para a situación comunicativa.
Léxico	Utiliza un vocabulario moi pobre e/ou con incorreccións para o seu nivel	Utiliza un vocabulario correcto pero pouco preciso.	Utiliza un vocabulario axustado ao tema, amplo e correcto
Limpeza	Realiza borróns en número significativo (máis de catro)	Realiza borróns (entre un e catro)	A presentación é totalmente limpa
Caligrafía	A caligrafía é ilexible ou dificulta de xeito significativo a lectura do texto.	A caligrafía é lexible, pero non permite fluidez na súa lectura.	A caligrafía é adecuada e permite ler o texto sen dificultades.
Formato	Non respecta o formato da tarefa /pautas, liñas, marxes).	Respecta o formato da tarefa, pero con algúns erros	Respecta o formato da tarefa.

² A propiedade «presentación», reservada tradicionalmente para a avaliación da expresión escrita en papel, considera como indicadores o seguimento do formato e das pautas ou liñas proporcionadas para escribir, a limpeza, a caligrafía, o respecto das marxes dadas e dos espazos proporcionados para a escritura, e o uso dunha caligrafía lexible, entre outros.

Anexo I. Táboa 6 (cont.). Rúbrica de textos escritos da área de expresión 4.º EP

CORRECCIÓN ORTOGRÁFICA E GRAMATICAL			
INDICADOR	Código 0	Código 1	Código 2
Ortografía das palabras	Comete seis ou máis erros ortográficos	Comete entre tres e seis erros ortográficos	Comete menos de tres erros ortográficos
Ortografía da acentuación	Comete seis ou máis erros de acentuación	Comete entre tres e seis erros de acentuación	Comete menos de tres erros de acentuación
Morfosintaxe (construción das oracións, concordancia, tempos verbais, pronomes)	Aparecen erros morfosintácticos (máis de catro)	Aparecen erros morfosintácticos (entre un e catro)	Non comete erros morfosintácticos

Anexo I. Táboa 7. Rúbrica de coherencia textos escritos da área de expresión 2.º ESO

COHERENCIA			
INDICADOR	Código 0	Código 1	Código 2
Unidade temática no texto	Non se pode dicir que o texto xire ó redor dun tema determinado.	Non se cingue ó tema	O tema do texto está claro
Relevancia da información	A información é irrelevante, contén digresións, información contraditoria...	En xeral, aparece información relevante; se ben, hai algún caso de información prescindible e/ou contraditoria.	A información que incorpora é sempre relevante, cunha progresión axeitada, sen digresións e sen información contraditoria.

Ordenación das ideas	Información mal organizada, sen unha distribución lóxica en parágrafos ou, incluso, ausencia destes .	Apréciase algunha incongruencia na orde das ideas e na súa distribución en parágrafos.	Información organizada de forma clara, distribuída en parágrafos segundo unha orde lóxica.
Información presente no texto	Non distingue idea principal e secundarias	Advírtese certa confusión entre idea principal e secundarias, de xeito que non se pode establecer claramente a diferenza entre unha e outras.	Advírtese claramente a idea principal e contén ideas secundarias que derivan da primeira / reforzan a primeira...
Estrutura	A estrutura interna do texto non é axeitada	A estrutura interna do texto é parcialmente axeitada ou presenta desviacións	A estrutura interna do texto é axeitada

Anexo I. Táboa 7 (cont.). Rúbrica de textos escritos da área de expresión 2.º ESO

COHESIÓN			
INDICADOR	Código 0	Código 1	Código 2
Marcadores do discurso	No texto non se utilizan organizadores textuais e, se aparecen, o seu uso non é o correcto na maioría dos casos.	No texto atópanse algúns organizadores textuais concretos. Detéctase algún erro do seu uso e/ou algunha repetición.	Os organizadores textuais vertebran o texto adecuadamente. Apréciase un uso correcto e variado de conectores do discurso.
Correlación temporal nas formas verbais	Non hai correlación verbal	Hai incorreccións na correlación verbal	Hai correlación verbal

Cohesión gramatical: substitución por deícticos (pronomes persoais, posesivos, demostrativos, adverbios de tempo e lugar)	Non se usan mecanismos de substitución por deícticos; de xeito que o texto resulta repetitivo.	Úsanse algúns mecanismos de substitución por deícticos; se ben, non se eliminan todas as repeticións.	O texto está ben cohesionado a nivel gramatical; empréganse os mecanismos de substitución por deícticos necesarios.
Cohesión léxica: Uso de mecanismos de substitución léxica (sinónimos, hiperónimos, paráfrases)	Non se usan mecanismos de substitución léxica, de xeito que o texto resulta repetitivo.	Úsanse algúns mecanismos de substitución léxica; se ben, non se eliminan todas as repeticións.	O texto está ben cohesionado a nivel léxico; empréganse os mecanismos de substitución léxica necesarios.
Puntuación	Non se utiliza a puntuación correcta	Utiliza a puntuación con algunhas incorreccións.	Utiliza a puntuación correcta

Anexo I. Táboa 7 (cont.). Rúbrica textos escritos da área de expresión 2.º ESO

ADECUACIÓN			
INDICADOR	Código 0	Código 1	Código 2
Tipoloxía textual	A tipoloxía textual escollida non é a adecuada para a situación comunicativa	Aprécianse trazos correspondentes á tipoloxía textual que sería adecuada para a situación comunicativa, pero non a respecta completamente ó longo de todo o texto.	A tipoloxía textual escollida é a adecuada para a situación comunicativa.
